

Entre a adquisición do solo e a construción, o Concello investiu 5,3 millóns

## Inaugurado e en funcionamento o campo deportivo municipal A Marola

Páxina 17



Concello de  Oleiros

## Pasos firmes para a ampliación da ponte Pasaxe

Páxina 6

# Vivir en Oleiros

Número 74  
Decembro 2022  
Toda a actualidade en:  
[www.oleiros.org](http://www.oleiros.org)

O Concello iniciará as obras de construción do edificio no 2023



## Finalizadas as melloras viarias da rúa do Souto e Arillo

Páxina 7

## Solicitados fondos europeos para a remodelación do mercado

Páxina 8

## O multiusos de Bastiagueiro, outra realidade próxima

■ Oleiros precisa dun grande espazo cultural e deportivo para complementar os equipamentos municipais actuais. Por iso, vaise crear unha nova instalación, cunha capacidade máxima de 4.000 persoas, para a celebración de eventos culturais, deportivos, congresos, feiras e exposicións.

Páxina 4

## Proxeccións de cine infantil durante as vacacións de Nadal

Páxina 21

## Manu Taibo e Lucas Yáñez, campións do mundo en Arxentina

Os patinadores oleirenses conseguiron proclamarse campións do mundo en Arxentina o pasado mes de novembro. Yáñez en patinaxe artística e Taibo en patinaxe de velocidade lograron subir ao máis alto do podio mundial.

Páxina 16

Como saber  
*onde*  
está todo  
en  
*Oleiros*

AXENDA  
Páxina 23



## Alternativa dos Veciños

# Comprometidos co futuro

Finalizamos o proceso assembleario aberto de elección de candidatos para as eleccións municipais do 28 de maio. É un método singular, lexitimado por 8 asembleas e 1.123 veciños que garanten a presenza de mulleres e homes honrados, con anos de compromiso social, vocación de servizo público e capacitados para gobernar. A lista electoral e a posición dos candidatos será refrendada nunha asemblea xeral que celebraremos en xaneiro. Despois, a partir de marzo, presentaremos a candidatura e o programa en ceas frías por todas as localidades.

Aspiramos a revalidar a maioría absoluta para gobernar con serenidade e con garantías de levar adiante os proxectos que necesita o municipio. Así foi como logramos

un Concello saneado economicamente, dotado de todo tipo de infraestruturas e equipamentos, cuns servizos públicos de calidade, cun potente movemento social, cultural e deportivo, con emprego e múltiples posibilidades para iniciativas empresariais. Iso non nos cega ante os grandes retos que se nos aveciñan, derivados de inestabilidades internacionais provocadas para tensionar economías e impoñer cambios sociais.

O rumbo para encarar o futuro témolo claro. A preservación do medio ambiente pasará polo noso modelo urbanístico de baixa densidade, polo litoral libre de recheos e edificacións espantosas, pola creación de novos espazos verdes... Seguiremos avanzando na mellora da mobilidade, dotando ao munic-

pio de máis seguridade viaria, demandando a mellora do transporte público á Xunta, reclamando sen descanso a finalización da vía Ártabra, a ampliación da ponte Pasaxe, Alfonso Molina, a Artabriña, ... que PSOE e PP negan ao conxunto da comarca coruñesa.

Pero ante todo, o noso é un compromiso social co benestar dos nosos maiores e coa educación dos nosos nenos. O inhumano modelo mercantilista asistencial para os nosos avós é posible derrubalo con servizos públicos esmerados, de calidade e agarimosos, con ocio e con convivencia para un envellecemento activo. Seguiremos fomentando o lecer e a vida sana entre a xuventude, con máis infraestruturas e iniciativas adaptadas ás súas inquietudes,

para cultivar a cultura e o deporte e formar así unha mocidade culta, educada, igualitaria e libre.

Para a conservación e pervivencia dese Oleiros verde, humano e participativo temos en marcha neste momento importantes proxectos. O paseo fluvial de Iñás e San Pedro, o multiusos en Bastiagueiro, a finalización do paseo da ría, o parque público da rúa do Mar, a nova avenida de Santa Cristina, a creación dunha liña de transporte marítimo na ría... Realidades inmediatas que repercuten no benestar da cidadanía e no progreso do municipio. Esa é a nosa maneira de facer política e de construír un futuro próspero. Queremos e sabemos facelo. Na vosa man estará encomendarnos novamente esa tarefa.



## Partido Popular de Oleiros

O Partido Popular de Oleiros valora moi positivamente a recollida de alimentos que tivo lugar no municipio dentro da campaña "A Gran Recollida de Alimentos". Os veciños de Oleiros volveron facer gala da súa xenerosidade na recollida de alimentos que se desenvolveu no municipio por parte do Banco de Alimentos. Tras finalizar a campaña "A Gran Recollida de Alimentos", a cal foi promovida polo Banco de Alimentos en diversos supermercados do noso municipio, non queda senón agradecer a esta organización e aos seus voluntarios a xenerosi-

dade polo seu tempo e por esta iniciativa, grazas á que moitos oleirenses puideron doar produtos de alimentación, hixiene ou dar achegas económicas que serán transformadas en alimentos para as persoas máis necesitadas. Son moitas as familias que en España viven en situación de vulnerabilidade e Oleiros non deixa de formar parte do número de municipios que engrosan estas listas. Grazas ao Banco de Alimentos, ou a entidades como Cáritas ou Cruz Vermella entre moitas outras, nestas datas as familias que máis o necesitan poden

recibir alimentos, xoguetes ou achegas necesarias para vivir estas festas da forma máis digna posible.

En Santa Cruz, por exemplo, só Cáritas atende a máis de 70 familias a diario, o que fai necesaria non só esta campaña senón un plan de apoio durante todo o ano ás persoas que no noso municipio máis o necesitan. Non podemos deixar de lado esta realidade, crer que só teñen necesidades en datas sinaladas ou pensar que o noso Concello está a darlles os recursos necesarios para poder mellorar a súa situación.

O Partido Popular de Oleiros insta o noso Concello a que, especialmente nestas datas, máis aló dos Fondos Europeos que o municipio recibe para tal fin e dos que tanto eco fanse coma se fosen propios, destine unha maior partida orzamentaria para as persoas en situación de especial vulnerabilidade do municipio, xa que como oleirenses que son merecen un concello que vele e se comprometa de verdade coas súas necesidades, non con anuncios non cumpridos, senón con orzamentos e proxectos reais e obxectivos.



## Grupo Municipal Socialista

Queridos conveciños, gustárame agradecervos a oportunidade que me destes de representar ao noso pobo durante estes case oito anos, ao longo dos cales tratei de exercer o meu labor encarnando aqueles valores que considero

esixibles a todo representante público: moito traballo, dedicación, vocación de servizo público, honradez e honestidade. Vou, pois, cunha certa dor, pero coa satisfacción do deber cumprido, esperando non defraudaros, e rogando

desculpédesme polos erros que involuntariamente, poida cometer no exercicio do meu cargo. Ninguén é eterno e ninguén debería selo, e todos temos data de caducidade. Entendendo que, por diversas razóns, a miña chegou,

despídome de vós para regresar ao mesmo sitio de onde nunca saín, para continuar, como cidadán, velando polos intereses da nosa querida terra. Alí atoparédesme sempre, coa man tendida para todos vós. Ata sempre.



## Bloque Nacionalista Galego

### Xunta da Galiza: da incompetencia á inoperancia

Observamos con abraio os últimos acontecementos vencellados á "actuación" da Xunta no noso concello. Da "chafallada" da Vía Ártabra e o desleixo máis absoluto no Couto até a improvisación máis electoralista na ocorrencia da pasarela de Santa Cristina.

**A incompetencia.** Causa estupor a teimosía do goberno do PP esgotando os recursos xudiciais até o Supremo, circunstancia que non fai senón reafirmar a absoluta torpeza da Xunta nun elemento tan básico como a quen corresponde aprobar un proxecto de trazado. Este clamoroso erro obrigará a reformular integramente o proxecto con graves consecuencias, que limitarán drasticamente a viabilidade e a efectividade dunha infraestrutura estratéxica para a comarca, a Vía Ártabra, eivada se non se contempla a ligazón coa A6, a liberación de peaxes e a necesaria protección medioambiental.

**Inoperancia,** como a amosada na resposta ante a pregunta da deputada do BNG Mercedes Queixas, efectuada diante das veciñas do Couto presentes no Parlamento. A Conselleira non "cae da burra" e volta a esquecer as súas funcións, agochándose detrás de dúbidosos "informes técnicos" e tratando de traspasar á súa responsabilidade ao Concello de Oleiros para eludir a súa propia.

**Ocorrencia populista,** a coñecida como pasarela de Santa Cristina, un proxecto propagandístico que nace viciado de orixe e que non foi obxecto de conversa previa ningunha entre a Xunta e os Concellos afectados. Mentres, continuamos a agardar polas grandes materias pendentes das infraestruturas de comunicación na nosa comarca. Sen a coordinación de todas as administracións afectadas, a comezar pola Xunta, será imposible articular solucións que melloren a mobilidade.



## Ciudadanos

### Conto de nadal

Aquela mañá o concelleiro de Ciudadanos levantouse cedo, tiña por primeira vez en moitísimos anos unha reunión con todos os concelleiros de Oleiros na que se chegaría a múltiples acordos en beneficio dos oleirenses por unanimidade. Despois irían todos xuntos nun único autobús ata O Couto onde esperaba a Conselleira de Infraestruturas para inaugurar o paso de peóns, despois, desprazaríanse á vía Ártabra,

onde esperaban todos os concelleiros de Cambre, membros da Xunta e de Fomento para inaugurar a ligazón coa A6 e despois a rotonda de Sol y Mar. Ao regresar a casa e pasando polo novo e ampliado Ponte da Pasaxe puido ver con emoción a reconstrución da Casa Carniceiro... fora un día marabilloso onde os intereses dos cidadáns estiveran por encima da política e os partidos... era o día de Nadal.

# EDITORIAL • Hai que facer país!

◆ Estamos en época pre-electoral. A celebración o vindeiro ano de eleccións municipais, autonómicas -en case todo o Estado- e xerais está a crispar e tensionar o clima político ata límites preocupantes. O normal funcionamento democrático do parlamento está cada vez máis desvirtuado para convertelo nun circo no que todo vale con tal de chamar a atención e acaparar o titular informativo da xornada.

Desde a demagogia e a manipulación mediática a dereita pretende enterrar a un presidente que está logrando sacar adiante un país afectado por todo tipo de calamidades, provocadas en boa medida desde o outro lado do Atlántico. A inflación galopante que arrasa a economía de Europa ten a súa orixe na guerra de Ucraína, impulsada e mantida desde os Estados Unidos. A nosa economía de servizos, cada vez máis globalizada e lastrada polas deslocalizacións da agricultura e a industria, é unha feble pluma que pode levar o vento, pero que se mantén en pé grazas aos mecanismos de protección social.

Pese ao ruído mediático, o Goberno mostra unha sólida raigame entre a chamada “maioría da investidura”, que é o xeito máis razoable e sensato de gobernar este país territorialmente tan rico, diverso e complexo. Encarar de xeito razoable o asunto catalán e consolidar a relación coa política vasca, ademais de tender as

necesarias pontes con outras minorías son a chave da intelixente fórmula coa que Sánchez mantén a raia ao escandaloso dúo Vox-PP, que xunto coas miradas pícaras de Ayuso e Miguel Ángel Rodríguez están a impedir a Feijóo a consolidación dunha dereita moderada necesaria para hixiene democrática e o progreso de España.

Claro que tamén hai patinazos claros, coma a falta de reequilibrio de rendas, o escaso control sobre as empresas monopolísticas da enerxía, das finanzas e das telecomunicacións, a ausencia de medidas efectivas na loita contra o cambio climático, a desprotección de autónomos e pequenos empresarios... Asuntos ante os que o PSOE está incómodo e coartado por loitas *caínitas*, baróns e xarróns chinos; e ante os que a ala esquerda do Goberno está cada vez máis dividida por proxectos personalistas que non suman e só restan.

A negra sombra do autoritarismo, a corrupción endémica, o desgoberno e parcialidade da xustiza, a defensa dunha sanidade e educación públicas de calidade... deberían ser motivos máis que suficientes para a consolidación dun goberno progresista no país. Con entendemento, diálogo e acordos é posible continuar na boa dirección e na senda da prosperidade. Desde o bloqueo non hai futuro para España.

*Manteñamos acesa a luz  
da esperanza en todos  
os pobos do mundo*

*Feliz 2023*

# Así será o edificio multiusos de Bastiagueiro


■ *As obras comezarán proximamente*



◆ O Concello contará cunha versátil instalación pública para a realización de todo tipo de eventos culturais, deportivos, congresos, feiras, festivais, exposicións... Cun aforo máximo de 4.000 persoas, pero con gradas e butacas móbiles para axustarse ás necesidades de cada espectáculo, será unha grande instalación sustentable e harmoniosa para dotar a Oleiros do grande espazo cultural e deportivo que necesita para complementar a ampla oferta actual e potenciar as posibilidades terciarias derivadas da economía turística de espectáculos e congresos.

A construción deste edificio, situado entre a pista de patinaxe de velocidade e o skatepark, ten un custo de 11 millóns de euros, que se financiará en tres anualidades. A obra comezará no 2023, unha vez finalice o proceso administrativo de contratación.

Deseñado polo arquitecto Fernando Martínez, o edificio é un enorme cilindro con forma de zigurat e contará con terrazas vexetais para quedar completamente integrado no Bosque dos Veciños. O tambor de cristal na parte superior e as lamas radiais axudan á entrada da luz natural que penetra no interior, creando múltiples espazos cálidos e acolledores.



***Múltiples posibilidades para a cultura, o deporte, congresos, feiras...***

A instalación terá unha grande pista central con capacidade para converterse en diferentes escenarios, podendo modificar a disposición e capacidade das gradas en función das necesidades e características de cada evento... Ademais haberá varias salas para actos máis reducidos, vestiarios, camerinos e oficinas.



# Nova avenida de Santa Cristina ▼

■ A obra ten un custo de 2 millóns e realizarase durante o próximo ano



◆ A petición do alcalde e deputado provincial Ángel García Seoane, a Deputación da Coruña iniciará nos próximos días os trámites de contratación da obra de reforma integral da avenida de Santa Cristina.

Vai acometerse unha renovación total da actual avenida que inclúe un novo pavimento para as beirarrúas, a eliminación da actual mediana, a instalación de novo alumeadado público e a dotación de mobiliario urbano. Ademais vaise crear un espazo adoquinado no tramo final da avenida, á altura da praza afundida.

## MÁIS MELLORAS ▼

Ao mesmo tempo, o Concello vai reurbanizar as rúas Humboldt e Linneo. Ampliaranse os espazos peonís e eliminaranse as barreiras arquitectónicas para facilitar a accesibilidade.

Con anterioridade xa se abordaron as obras da rúa Xuncal e rúa Darwin, cunha renovación completa da praza e unha importante actuación de mellora da pista polideportiva coñecida como Cova dos Bois.

■ Praza Charles Darwin ▶




## Avanza a bo ritmo a construción do paseo fluvial do rego de San Pedro ▶

◆ Seguen progresando as obras de creación do paseo fluvial de 4 km desde o límite con Sada e a vía Ártabra ata O Seixal. Esta importante actuación de protección do medio ambiente e de mellora da mobilidade e da seguridade viaria ten un custo de 2,9 millóns de euros e será costeada integramente polo Concello. Dado que cumpre de cheo cos criterios establecidos para o reparto dos fondos europeos Next Generation, o Concello ten solicitado fondos tanto ao Goberno central como á Xunta de Galicia, que polo momento non contestaron á petición.



# Pasos firmes para a ampliación da ponte Pasaxe ▼



◆ Despois de 26 anos reclamando aos distintos Gobernos de Madrid a ampliación da ponte Pasaxe mediante todo tipo de demandas e campañas, todo indica que a obra podería ser unha realidade próxima. O Ministerio non só vai aprobar o proxecto construtivo, senón que tamén publicou os anuncios de expropiacións necesarios previos á obra.

Esta actuación, de 47 millóns de custo, estaría dividida en dúas fases. A primeira sería relativamente rápida de executar ao consistir basicamente na construción doutra ponte paralela á actual e na demolición do edificio

de Copigal. Aumentaríanse ata 8 os carrís de circulación e habería dúas pasarelas peonís con carril bici de 6,5 metros de ancho a cada lado da estrada. Podería iniciarse a finais do 2023.


A segunda fase incluíría a creación dun túnel baixo a rotonda de Santa Cristina, para que os vehículos que circulen cara Santa Cruz non teñan que facer a glorieta nin os semáforos. Tamén se construíría outro nivel máis de circulación na cabeceira da Coruña, para eliminar a rotonda para os vehículos que procedan das Xubias.

## A Xunta obrigada a repetir a tramitación da vía Ártabra, non a cambiar o trazado ►

◆ O nudo de conexión a 3 niveis previsto en liñas para comunicar a N-VI coa vía Ártabra estará dispoñible a próxima primavera. Desde ese punto, a obra de conexión coa AP-9 continuará tan pronto como a Xunta realice de novo toda a tramitación administrativa. A denuncia presentada polo Goberno de Cambre obriga a repetir o proceso conforme á lexislación pero non a modificar o trazado previsto, o máis axeitado desde o punto de vista medioambiental e para a seguridade viaria.



## O Concello reclama a contratación do vial de conexión da N-VI coa AP-9



◆ Supostamente a Xunta de Galicia ía investir 8 millóns de euros na pasarela entre Oza e Santa Cristina, coa que non se resolvería ningún problema de mobilidade e que causaría un grave dano medioambiental e paisaxística á praia de Santa Cristina. Con eses cartos si poderían abordarse moitas melloras verdadeiramente eficaces para resolver os graves problemas de tráfico que afectan ao conxunto da comarca. Entre outras actuacións, a Xunta podería contratar o vial de conexión da N-VI coa AP-9 -desde un pouco máis adiante da antiga Biona ata a entrada da autopista na Barcala-, para o que xa está aprobado o proxecto e o estudo de impacto ambiental. Este novo vial permitiría aliviar moito o tráfico do Temple, O Seixo, Perillo e a ponte Pasaxe.

# Finalizadas as beirarrúas de Arillo ▼



◆ Acaban de rematar as obras contratadas polo Concello de mellora da seguridade viaria en Arillo, entre o pazo, a estrada que se dirixe a Meirás e a rúa que dá acceso ao cemiterio de Maianca. Tamén se construíu o tramo de beirarrúas pendente desde o pazo ata a entrada á urbanización Rialta. O Concello realizou estas obras en convenio coa Xunta de Galicia.



## Culminada a reurbanización da rúa do Souto ◀

◆ Con máis demora da prevista, debido a retrasos por parte de Telefónica e Fenosa na retirada e retranqueo de postes, rematouse a ampliación da rúa que conecta Coruxo coas Torres de Santa Cruz. Pasouse de 8 a 16 metros de anchura, con beirarrúas por ambas marxes. Tamén foi renovada a rede xeral de abastecemento de auga.

## Asfaltados no centro de Santa Cruz

◆ O Concello procedeu á mellora do pavimento das rúas Monte Casal, río do Seixo, Eduardo Blanco Amor, María Casares e Dolores Ibarruri. Tamén se van mellorar os accesos ao centro de saúde.

***O custo total foi de 130.000 euros***



## Próximo inicio das obras de mellora da rúa Subiña e dos accesos ao campo deportivo A Marola ▼

◆ Atópase en proceso de contratación a obra de reacondicionamento das rúas Subiña e Fonte Cuba, desde a igrexa de Serantes ata o acceso ao novo campo de fútbol municipal. Ademais do asfaltado, vaise crear un andén peonil, instalarse unha nova rede alumeadado público desde a entrada do campo de fútbol ata a rúa Subiña e renovarase o paso de peóns de pedra situado fronte á igrexa. O Concello vai investir nesta obra 418.635,05 euros.

# Solicitados fondos europeos para unha reforma integral do Mercado de Perillo ▼



◆ Para actualizar o Mercado Municipal de Perillo e convertilo nun atractivo centro para compras e outras actividades públicas é preciso acometer unha reforma integral do edificio, que tería un custo de máis de 500.000 euros que o Concello pretende financiar cunha subvención europea. Esta actuación permitiría crear un novo recinto multifuncional, cheo de actividades, cunha ampla gama de produtos frescos de proximidade e servizos de hostelería.

A reforma abranguería tanto o interior e como as áreas exteriores que o circundan. Unha delas se convertería nunha ampla explanada para a celebración de eventos e a posible instalación de terrazas. En canto á fachada está prevista a instalación dun xardín vertical nunha das paredes máis significativas da súa arquitectura.

## Melloras no Colexio Juana de Vega en Nós



◆ Ante a pasividade e demora da Xunta de Galicia nas demandas da comunidade de educativa do Colexio Juana de Vega, o Concello construíu unha cuberta nunha parte do patio de primaria, para que o alumnado poida resgardarse nos recreos os días de mal tempo e para o seu uso nas actividades extraescolares. O Goberno municipal segue a presionar á Xunta de Galicia para que execute o antes posible o proxecto de creación do patio cuberto.

### SERVIZO DE LIMPEZA

O Concello ten aberto expediente sancionador e apercibimento de rescisión de contrato á empresa que presta o servizo de limpeza no centro.

## Investimento municipal de 385.000 euros na Escola infantil dos Regos ►

◆ Debido ao abandono e desatención por parte da Xunta da Escola Infantil A Pardela, o Concello vai realizar unha obra de restauración completa do centro para mellorar as condicións de uso do recinto. A escola, que forma parte da rede A Galiña Azul, presenta evidentes desperfectos que serán subsanados no seu conxunto –cuberta, fachadas, paredes interiores, pavimento, fiestras, sistema calefactor...-. Malia ser unha competencia autonómica, o Concello tamén ten que pagar anualmente o 30% dos gastos de funcionamento da escola.

O edificio, igual que todas as escolas infantís de Oleiros, foi construído polo Concello no 1993. Ten 675 metros cadrados distribuídos nun espazo multifuncional e cinco aulas.





# Acordo total entre A Coruña, Oleiros e a Autoridade portuaria para crear unha liña de transporte marítimo

■ *O obxectivo é reducir o uso do vehículo privado para mellorar a mobilidade e o medio ambiente*



◆ Están a elaborarse os estudos previos á posta en marcha dunha liña de transporte marítimo entre Santa Cristina, Mera e A Coruña. O Concello de Oleiros contratou a análise do estado das infraestruturas portuarias e as necesidades de mellora para a prestación do servizo e o da Coruña encargase dos estudos de viabilidade económica.

A proposta inicial pasa pola creación de dúas liñas marítimas regulares de pasaxe, A Coruña-Santa Cristina e A Coruña-Mera, que ofrecerían servizo todos os días do ano, sempre e cando as condicións marítimas así o permitisen. Tamén se estudarán as posibilidades de Santa Cruz, pero polas características da costa estímase que sería moito máis complexo.

Para acadar o consenso necesario entre administracións e poder facer realidade este proxecto, o alcalde Ángel García Seoane reuniuse tanto coa alcaldesa da Coruña, Ines Rey, como co presidente da Autoridade Portuario, Martín Fernández Prado, cos que o entendemento foi total. Está pendente a cesión ao Concello por parte da Xunta de Galicia dos portos de Mera e Santa Cruz, solicitados hai xa máis de dous anos.

De materializarse este proxecto, podería estar en funcionamento no ano 2024.

## Solicitado á Xunta o bus 1-A a Santa Cristina durante todo o ano ▼

◆ A alcaldesa da Coruña e o alcalde de Oleiros tamén acordaron traballar no establecemento dun novo convenio para que a liña de autobús 1-A chegue ata Santa Cristina durante todo o ano. Ambos municipios xa realizaron os trámites previos para solicitar á Xunta a aprobación deste servizo público.

A elevada demanda desta liña de transporte e a necesidade de apostar por medios de transporte alternativos ao vehículo privado fai imprescindible que o bus urbano 1-A chegue ata Santa Cristina durante todo o ano. A Compañía de Tranvías está polo labor de ofrecer este servizo polo que só faltaría o visto bo da Xunta de Galicia.



## Desbandada nos grupos políticos da oposición ►

◆ O pasado mes de novembro os voceiros municipais do PSOE e do BNG presentaron a súa dimisión como concelleiros da corporación municipal, 6 meses antes da finalización da lexislatura. No caso do BNG trátase do segundo concelleiro que deixa o seu cargo no presente mandato.

No Partido Popular, a concelleira Tristana Moraleja abandonou a corporación municipal no 2021 para quedarse en Madrid, no Congreso dos Deputados. Máis recentemente, o PP nomeou novo presidente local, apartando ao actual voceiro municipal.

Pola súa parte, o concelleiro de Ciudadanos non chegou a dimitir pero tamén anunciou que abandonará o Concello de Oleiros para presentarse como candidato ás próximas eleccións municipais no Concello da Coruña.

## O Concello incentiva a instalación de placas solares reducindo o IBI nun 50% ▼



◆ Para incentivar a instalación de placas solares, o Concello reducirá nun 50% a taxa do IBI a todos aqueles veciños e veciñas que instalen paneis fotovoltaicos na súa vivenda. A bonificación do imposto será por 5 anos e só poderá aplicarse nos casos nos que se trate de vivenda habitual.

Para seguir construíndo un municipio sostible e respectuoso co medio natural, é preciso aplicar políticas públicas que fomenten e faciliten a instalación de enerxías renovables. En relación con outras fontes de enerxía, as instalacións fotovoltaicas diminúen a contaminación do medio ambiente, non requiren doutros combustibles e reducen a dependencia de empresas privadas monopolísticas, entre moitos outros beneficios.

## O Centro Municipal de Formación oferta máis cursos para persoas desempregadas ▼



◆ O Concello está a organizar 10 cursos de distintas especialidades para formar a persoas que se atopan en paro. As temáticas dos cursos que empezarán as vindeiras semanas son atención socio sanitaria a persoas no seu domicilio, socorrismo en instalacións acuáticas, socorrismo en espazos acuáticos naturais, competencia clave para certificados de profesionalidade de nivel 2 con idioma galego, instalación de mobles, financiamento de empresas e actividades auxiliares en conservación e mellora de montes.

As persoas interesadas en apuntarse poden poñerse en contacto co Centro Municipal de Formación Isaac Díaz Pardo (Rúa dos Regos, 24 ou no 981 610 319), onde tamén poden realizar a inscrición. Para a realización destes cursos a Xunta de Galicia outorgou unha subvención de 524.417,55 euros.



# Se tes can

# TES OBRIGAS!



# O Concello destina 290.827 euros a subvencións para entidades ▼

■ *Aprobase a concesión das subvencións solicitadas polas distintas entidades, asociacións e clubs do municipio sen ánimo de lucro para continuar fomentando o ensino público de calidade, a cultura, o deporte e a vida social no municipio. Ademais destes axudas económicas, o Concello pon á disposición das entidades infraestruturas, equipamentos e recursos humanos de maneira gratuíta.*

## Centros de ensino público: 81.130 euros

ENTIDADE	Subvención
■ CEIP Isidro Parga Pondal:	10.340,00
■ CEIP Rabadeira:	10.280,00
■ CEIP Valle-Inclán:	11.500,00
■ CEIP Luis Seoane:	8.280,00
■ CEIP Oleiros-Juana de Vega:	9.140,00
■ IES Maria Casares:	11.800,00
■ IES Miraflores:	10.760,00
■ IES Neira Vilas:	9.030,00

## Anpas: 51.078,11 euros

ENTIDADE	Subvención
■ ANPA Bidueiro:	13.221,07
■ ANPA Colexio Público de Mera (Luís Seoane):	11.568,72
■ ANPA Colexio Público Valle Inclán:	5.780,89
■ ANPA Miguel Hernández do IES Miraflores:	4.740,33
■ ANPA Arce do IES Xosé Neira Vilas:	4.205,30
■ ANPA CEIP de Nós:	4.740,33
■ ANPA Ensino CEIP Rabadeira de Oleiros	5.549,66
■ ANPA Os Pazos do IES María Casares:	1.271,80



## Asociacións veciñais e culturais: 48.602,25 euros

ENTIDADE	Subvención
■ A.V.V. A Ría:	4.732,69
■ A.V.V. Os Rueiros:	5.695,57
■ A.V.V. San Antón:	4.859,77
■ A.V.V. Santaia:	6.076,81
■ A.V.V. San Cosme:	5.220,76
■ Centro Cultural e Instructivo:	935,00
■ S.C.R. Amigos de Lorbé:	2.274,00
■ A.C. Coral Lembranzas de Santa Cruz:	2.857,91
■ A.C. O Amanexo:	3.327,13
■ Coral Airiños de Nós:	2.000,00
■ Coral Polifónica de Mera:	2.384,50
■ Asociación Ocio Inclusivo Oleiros	2.420,00
■ Coro de Oleiros:	2.818,11
■ Asoc. cultural cofradía de Sta. Ana de Mera	3.000,00

## Entidades deportivas: 67.747,00 euros

ENTIDADE	Subvención
■ Agrupación Deportiva Fogar da Xuventude:	5.380,11
■ Centro Deportivo Mariñeiro de Mera:	9.757,96*
■ Club Acuatic Oleiros:	3.812,44
■ Club Balonmano Atlántico:	4.378,62
■ Club de Regatas Perillo:	15.436,45**
■ Club de Tenis de A Coruña:	3.245,57
■ Club Hóckey Oleiros:	5.330,53
■ Club Mera F.S.:	1.599,36
■ Club de Tenis de Mesa Breogán Oleiros:	2.592,60
■ Escola Ximnasia Acordes:	5.462,77
■ Sociedad Cultural e Deportiva Rabadeira:	4.398,60
■ Club Baloncesto Oleiros:	1.436,81
■ Club Deportivo Paddle Mera:	2.991,40
■ Club Natación Oleiros:	1.923,78

\*Incluída subvención da regata

\*\*Incluídas subvencións das regatas e de gastos luz e auga

## Clubs de fútbol: 42.270,00 euros

ENTIDADE	Subvención
■ A.D. Cristo Rey:	5.590,00
■ Club Deportivo Obrero de Oleiros:	6.460,00
■ Club de Fútbol Santa Cruz:	7.000,00
■ Club Xuventude de Dorneda:	1.800,00
■ Hércules S.D.C.:	1.600,00
■ Marino de Mera C.F.:	5.220,00
■ Mercurio de Iñas S.D.:	1.600,00
■ Unión Campestre F.C.:	7.000,00
■ Atlético San Pedro:	6.000,00





## Outras subvencións municipais: 115.000,00 euros

■ Subvencións a deportistas:	12.000,00
■ Subvencións para comedores escolares	103.000,00

# O orzamento municipal para 2023 é de 41,5 millóns ▼

■ Máis de 41 millóns para manter equipamentos e servizos ▼

◆ O pleno municipal aprobou o orzamento do Concello de Oleiros para o ano 2023, que se incrementa nun 4,92% en relación ao do 2022, acadando 41.510.000 euros. O 60% dos recursos destinaranse a bens correntes, servizos básicos e gastos de persoal para unha óptima conservación das infraestruturas existentes e para manter uns servizos públicos eficientes.



## OLEIROS, UN CONCELLO SOCIAL ▼

◆ O investimento previsto para políticas sociais e de igualdade está fixado en 3,2 millóns de euros. Ademais de todo o persoal propio do Concello que traballa nesta área e que ten un custo de máis de 700.000 euros; está o servizo de atención a persoas maiores e dependentes (axuda no fogar, comida sobre rodas e

apoio a persoas cuidadoras); as axudas para familias en situación de emerxencia social; os bonos de alimentos; os gastos de comedor escolar e escolarización dos nenos e nenas de familias en dificultades económicas; os bonos de farmacia; as actividades de benestar e ocio de persoas maiores; os programas de igualdade...

## OBRAS PÚBLICAS ▼

◆ O Goberno municipal practica unha xestión seria e eficiente, que permite que o Concello se atope nunha situación económica boa, dispoñendo de recursos cos que afrontar as demandas e necesidades veciñais. Así é que no 2023, van investirse 14,4 millóns de euros en novas obras e servizos públicos. Ademais de utilizar os recursos previstos no orzamento para obras públicas – 9,8 millóns –, financiaranse cunha parte dos remanentes económicos dos que dispón o Concello, coa venda de solo propiedade municipal procedente da xestión urbanística e coas subvencións obtidas doutras administracións públicas.

## PRINCIPAIS OBRAS E SERVIZOS A REALIZAR NO 2023 ▼

	ORZAMENTO 2023	IMPORTE TOTAL
■ Paseo fluvial do rego de San Pedro	- 2.658.049,01 €	2.993.049,01 €
■ Edificio multiusos de Bastiagueiro	2.500.000 €	11.726.118,93 €
■ Renovación de redes de saneamento, augas e pluviais	- 600.000 €	600.000 €
■ Finalización parque As 13 Rosas	- 256.709,96 €	486.709,96 €
■ Finalización do albergue na Finca Tenreiro	- 157.410 €	457.410 €
■ Acondicionamento rúa Subiña e acceso ao campo da Marola	- 0 €	418.635,05 €*
■ Melloras e creación de beirarrúas:	400.000 €	400.000 €
■ Rehabilitación escola infantil a Pardela	68.201,03 €	385.494,29 €
■ Pavimentacións de rúas e camiños municipais	350.000 €	350.000 €
■ Ampliación da pista de skate e creación de área de parkour	- 120.652,77 €	301.63,92 €
■ Beirarrúas e pavimentación nas rúas Salvador de Madariaga e Bolboretas	- 290.000 €	290.000 €
■ Pluviais, saneamento e pavimentación da rúa Mazarico	- 263.876,51 €	263.876,51 €
■ Melloras de alumeados públicos	- 200.000 €	200.000 €
■ Renovación da rede de auga na rúa Curros Enríquez	- 198.363,90 €	198.363,90 €
■ Renovación redes e pavimentación rúas Fraternidade e Amistade	0 €	175.257,86 €*
■ Renovación parque infantil de Rialta	- 175.000 €	175.000 €
■ Mellora de eficiencia enerxética no edificio de Facenda Municipal	- 134.655,20 €	168.588,43 €
■ Reparación do peche do parque José Martí	0 €	158.663,19 €*
■ Expropiacións para paseo costeiro desde a praia de Naval ata Canide	- 150.000 €	150.000 €
■ Renovación de parques infantís	- 150.000 €	150.000 €
■ Melloras en parques públicos	- 150.000 €	150.000 €
■ Melloras nos campos de fútbol	- 150.000 €	150.000 €
■ Reparacións de cubertas de edificios municipais	150.000 €	150.000 €
■ Apertura rúa Loural	- 143.199,08 €	143.199,08 €
■ Creación aula de estudo na biblioteca Rialeada	0 €	133.500,47 €*
■ Novos postos de salvamento e socorrismo	- 110.000 €	110.000 €
■ Instalación de alumeadado público entre Lamastelle e As Pedreiras	- 63.966,20 €	103.966,20 €
■ Humanización do patio do colexio Rabadeira	- 32.015,83 €	85.375,54 €
■ Cuberta e reforma das gradas do campo de fútbol de Montrove	80.000 €	80.000 €
■ Melloras e pintado da biblioteca Rialeada	- 80.000 €	80.000 €
■ Expropiacións para aparcamento no acceso a Seixo Branco	- 60.000 €	60.000 €
■ Renovación pasarela de acceso ao Castelo de Santa Cruz	60.000 €	60.000 €
■ Melloras de seguridade viaria	- 48.000 €	48.000 €

\*Estas obras fináncianse integramente con cargo ao programa POS+ 2022 da Deputación da Coruña.

# O Concello coopera con Solidariedade Galega nun proxecto de atención sanitaria en Chiapas

◆ A ONG Solidariedade Galega retomou o proxecto de atención sanitaria no Hospital San Carlos Altamirano, referente para a poboación indíxena de Chiapas, en México, xestionado polas Hijas de la Caridad de San Vicente de Paúl. O Concello de Oleiros financiou na súa totalidade este proxecto con 16.450 euros.

Esta misión solidaria levou a 10 profesionais sanitarios que utilizaron as súas vacacións para prestar servizo durante 15 días nas especialidades de cirurxía xeral, anestesia, xinecología, cardiología e oftalmología, das que carece o hospital. O centro sanitario é o referente para a atención da poboación indíxena de Chiapas —o 89% da poboación—, brindando unha atención de calidade como dereito fundamental de toda persoa, independentemente da súa situación económica.

Atendéronse 461 consultas e realizáronse 158 intervencións nas distintas especialidades. Tamén foron entregadas 182 gafas.



## Axudas para a atención e seguimento médico de nenas e nenos africanos ▼

◆ O Concello asinará un convenio coa organización médica Terra de Homes para a atención médica especializada destinada a 8 nenos africanos. Dentro do programa **Viaxe cara a vida** fan posible realizar tratamentos médico-cirúrxicos apropiados a nenos e nenas africanos que sofren patoloxías graves pero curables. A falta de medios e infraestruturas nos seus países provoca diagnósticos tardíos, o que causa complicacións irreversibles ou atención médica inadecuada.

Para buscar unha alternativa inmediata que permita salvar da morte ou dunha invalidez aos nenos, Terra de Homes organiza operacións fóra e dentro do país e contribúe a reforzar as estruturas e capacidades locais. Son persoas menores de 16 anos de Togo, Benin, Mauritania, Senegal, Marrocos, Mali e Guinea Conakry.

## O Fondo Galego de Cooperación cumpre 25 anos ▼



◆ O Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade, cofundado polo Concello de Oleiros no 1997, celebrou recentemente o acto de conmemoración do seu 25 aniversario. Polo destacado labor desenvolvido desde a súa creación, fíxose un recoñecemento especial tanto ao Concello como a Alfredo Novoa Gil, ex-concelleiro de Oleiros e presidente do Fondo durante 15 anos.

Desde o profundo convencemento que sempre tivo o Goberno de Oleiros no desenvolvemento de políticas de cooperación internacional desde o ámbito local, no ano 1997 impulsouse a creación do Fondo de Cooperación e Solidariedade xunto con outros municipios galegos. O obxectivo era, e segue sendo, facer realidade os dereitos máis esenciais do ser humano: a saúde, a alimentación, a educación, a xustiza social e a paz.

A cooperación de Oleiros non é a dos poderosos, nin é a dos que teñen intereses ou tinglados nos países de recibo, non é con lobbies ou con grupos de poder que van sempre coa carteira aberta para enchela de billetes a costa da parte máis desesperada do mundo. Oleiros está nas antípodas do colonialismo, practicando unha universalidade aberta e xenerosa, chea de boa vontade e respecto, desde a igualdade.

O Concello de Oleiros seguirá aportando toda a vontade e traballo necesarios para intentar reequilibrar o mundo e facelo algo mellor.

## Coidar a quen coida

■ *Programa de apoio a persoas coidadoras para mellorar a súa vida cotiá*

◆ O Concello organiza paseos pola natureza, sesións terapéuticas, obradoiros prácticos e outras actividades para as persoas que coidan a outras persoas. Para participar ou informarse hai que chamar ao 981 610 000 ou acudir ao departamento de Servizos Sociais e Igualdade.

## Máis cursos de manexo de móbiles para maiores ▼



◆ Para reducir as dificultades no uso de móbiles, seguen a organizarse obradoiros para maiores de 60 anos. Desde xaneiro ata xuño celebraranse distintos cursos nas casas do pobo de Iñás, Dorneda, Lorbé, Perillo e Oleiros. Para apuntarse haberá que chamar ao 981 610 000 en horario de 4 a 8 da tarde.

## Móveté+, actividade física para pacientes oncolóxicas

◆ Aquelas mulleres que superasen ou se atopen inmersas nun proceso oncolóxico poden participar no programa Móveté+. Trátase da realización de actividade física en grupo adaptada, todos os venres en Bastiagueiro. Para acceder ao programa é necesario contactar con Servizos Sociais e Igualdade no correo [aportaviolela@oleiros.org](mailto:aportaviolela@oleiros.org) ou chamando ao 981 610 000.

## Obradoiro do Corpo para mulleres ▼

◆ Todas as mulleres do concello menores de 60 anos teñen á súa disposición unha actividade corporal deseñada para fomentar o empoderamento persoal e colectivo, os hábitos de vida saudables e favorecer unha maior vida social. A actividade comezará no mes de febreiro e finalizará a final de ano. Para informarse e apuntarse é posible dirixirse ao teléfono 981 610 000 ou ao correo [aportaviolela@oleiros.org](mailto:aportaviolela@oleiros.org).

## Concurso de fotografía María José Cayado ▼



◆ Presentáronse 63 fotos orixinais a este concurso para persoas maiores que se desenvolveu á par que a actividade de excursionismo "Ven e Descubre". En xaneiro entregaranse os premios ás persoas gañadoras deste certame.

## Novo grupo de ximnasia en Montrove



◆ No mes de febreiro comezará a actividade de ximnasia na Casa do pobo de Montrove, todos os martes e xoves de 4 a 5 da tarde. Nos próximos días comunicarse a través dos distintos medios municipais a apertura do prazo de inscrición.

## Sentes algún tipo de discriminación? ▼

◆ Se sentes algún tipo de discriminación por razón de xénero, raza, condición sexo afectiva ou outras causas semellantes podes solicitar axuda no Concello. Temos á túa disposición o SATI, o Servizo de Asistencia Técnica en Igualdade, para calquera consulta en torno ao dereito á igualdade. Chama ao 604 02 51 60 ou envía un correo a [igualdade@oleiros.org](mailto:igualdade@oleiros.org).

# Campións do mundo

■ *Manu Taibo, en patinaxe de velocidades, e Lucas Yáñez, en patinaxe artística, conseguiron a medalla de ouro nos mundiais de patinaxe celebrados en Arxentina*

## MANU TAIBO, CATRO MEDALLAS

◆ O patinador de Broño completou un mundial extraordinario. Ademais de proclamarse campión nos 1.000 metros, conseguiu outras tres medallas. Foi prata nos 10.000 metros puntos e bronce na maratón e en 15.000 metros eliminación en circuíto.

Taibo, tamén quedou campión de Europa na modalidade de pista, en 3.000 metros eliminación en circuíto. Ademais foi subcampión en 10.000 eliminación e terceiro clasificado en 1.000 metros sprint e 10.000 puntos eliminación. E en Finlandia, na Copa do Mundo sobre xeo foi bronce en 3.000 metros.



## LUCAS YÁÑEZ, BICAMPEÓN

◆ Por segundo ano consecutivo, o patinador de Dorneda subiu ao máis alto do podio no mundial de patinaxe artística, en categoría júnior. Cun programa largo inspirado en Matrix, logrou unha puntuación de 221,35 que o converteu en campión do mundo.

Lucas Yáñez completou en Arxentina un 2022 perfecto. Ganouno todo. Antes da cita mundialista conseguiu ser campión de España, de Europa e da Copa do Mundo.

## Andrés Prieto, campión de España de triatlón ▶

◆ O xoven triatleta de Broño, volveu acadar un importante triunfo, nesta ocasión vencendo o Campionato de España de triatlón na modalidade de sprint, en categoría júnior. Andrés Prieto tamén participou en Ceuta na Copa de Europa de Triatlón, na categoría elite, rematando en 20ª posición.



## Os irmáns Fernández Pascual triunfan no Campionato de España de Taekwondo ▼



◆ Diego Fernández Pascual, de 14 anos, e Marvin Fernández Pascual, de 10 anos, irmáns e veciños de Coruxo destacaron no Campionato de España de Exhibición de Taekwondo. O maior foi campión en categoría cadete e o pequeno subcampeón en infantil.

## Erik Cortázar, subcampión de España de ximnasia ▶

◆ O ximnasta de Montrove Erik Cortázar Boado conseguiu tres medallas de prata no Campionato de España de ximnasia artística celebrado en Pamplona. Erik participou en base 3 quedando subcampión en solo, subcampión en salto e terceiro en all around.



## Gala do deporte ▼

◆ Para homenaxear de maneira institucional os extraordinarios triunfos acadados polos deportistas oleirenses en competicións estatais e internacionais, o Concello vai organizar un gran acto con todos os campións e medallistas do municipio nos primeiros meses do ano.

Todos os veciños e veciñas poden colaborar na organización desta gala do deporte comunicando os éxitos dos medallistas nacionais e internacionais oleirenses enviando un correo a deportes@oleiros.org ou chamando ao 981 610 000.



As distintas categorías do Marino de Mera e do Xuventude de Dorneda están a empregar este campo para os seus adestramentos e partidos.

## Inaugurado o campo deportivo municipal ◀ A Marola

◆ Centos de veciños e veciñas participaron no acto de inauguración do novo campo de fútbol municipal do norte do municipio. Malia os numerosos paos nas rodas, o Goberno municipal fixo realidade a creación desta espectacular instalación, que tivo un custo superior aos 5 millóns de euros, entre os gastos de adquisición de solo e os de construción.

## O Obrero lévase o LI Trofeo Concello de Oleiros ▼



◆ O CD Obrero e o Atlético San Pedro confrontáronse na gran final do torneo de fútbol municipal, resultando campión o equipo de Oleiros tras impoñerse na tanda de penaltis. Os 90 minutos finalizaron 1-1, con goles de Gabi e Javier Graño.

## Área de calistenia no Parque As Trece Rosas ▼



◆ Xa está aberto o circuito para a práctica de deporte ao aire libre. Un complemento máis para as numerosas persoas que practican deporte neste grande espazo verde entre Santa Cruz e Bastiagueiro. Atópase preto do pequeno montículo empedrado que fai de miradoiro sobre a ría.



## Ampliación do skatepark e creación dun parkour ◀ en Bastiagueiro

◆ Están en marcha as obras de ampliación do skatepark de Bastiagueiro, que consistirán na creación dun bowl con tres alturas distintas para practicar saltos e acrobacias. Ademais, construírse un circuito de parkour con distintos conxuntos de barras e estruturas para a práctica que impulsa o movemento total do corpo de xeito divertido e creativo para persoas de todas as idades.

**O Concello inviste nesta actuación 295.108,07 euros.**



# O xornalista alemán Carsten Moser recibirá o I Premio Mundiario na Fábrica



◆ Carsten Moser será galardonado co Premio Mundiario de xornalismo. O prestixioso xornalista alemán, moi vencellado a España, traballou no xornal Die Zeit, a revista Stern así como en varias corresponsalías e medios. É autor do libro “Quo vadis, Europa?”, que pesou na decisión do xurado de outorgarlle o premio nesta súa primeira edición. Tamén é economista pola Universidade de Hamburgo.

O acto de entrega terá lugar no Auditorio da Fábrica o xoves 19 de xaneiro a partir das 19 horas. Será presentado pola xornalista María Almodóvar e contará coa participación do alcalde, Ángel García Seoane, e do presidente de Mundiario e veciño de Montrove, José Luis Gómez. Quico Cadaval amenizará o acto cun monólogo.

## Conferencia histórica sobre Plácido Castro e a súa relación con Irlanda

◆ O 25 de xaneiro, ás 20 horas, celebrarase na Fábrica a vixésimo cuarta Conferencia Anual Plácido Castro baixo a temática *Irlanda en Plácido Castro*. Será a cargo do historiador Xabier R. Madriñán, director da revista Encrucillada e ex catedrático de xeografía e historia no IES Rosalía de Castro, en Santiago. En 2022 recibiu o Premio da Crítica de Investigación pola súa obra “A figuración galega de Irlanda, 1840-1936” (Laivento edicións).

Na charla identificarán os trazos que conforman o ideario de Plácido Castro neste aspecto e que o singularizan con respecto a outros galeguistas. Castro foi o único dos galeguistas do seu tempo que realmente chegou a pisar Irlanda.



## Juan Fariña presentará en Casa Charry *O que foi*, a súa nova novela

◆ Algunhas personaxes recoñecidas do franquismo patrio (Carmen Polo, Pedro Barrié ou Arias Navarro) desfilan polo Portomarín de antes do asolagamento en *O que foi*, a nova novela de Juan Fariña, escritor e concelleiro en Bergondo. O acto de presentación en Oleiros será o 2 de febreiro na Casa Charry, ás 19 horas. Con esta obra Fariña volve á narrativa tras *As cartas de Abel*, na que explora a historia galega e española dos últimos 80 anos.



# Ocioleiros oferta 21 actividades para máis de 600 veciños ▶

◆ A primeira semana de febreiro comezarán as 21 actividades lúdicas, culturais e deportivas que forman parte dunha nova edición deste programa municipal para maiores de 18 anos. En total serán 618 as persoas que formarán os distintos grupos de escalada deportiva, defensa persoal, patinaxe, paddle surf, marcha nórdica, kaiak, surf, calistenia, parkour, curso de manexo de smartphone, loga, técnicas de relaxación e crecemento persoal, cocteleiría, conversa en inglés, fotografía, tratamento e edición de imaxe dixital, obradoiro de interiorismo e restauración de mobiliario, bailes de salón, encadernación decorada, curso de lingua galega, horta ecolóxica, obradoiro de cata de viños e xardinería. Para consultar a dispoñibilidade de prazas vacantes, as persoas interesadas poden dirixirse á Fábrica.



## Servizo de asesoramento afectivo e sexual nas Casas da Mocidade ▼




◆ Entre as múltiples actividades e servizos que ofrecen as Casas da Mocidade atópase a asesoría afectivo sexolóxica. É un servizo anónimo, confidencial e moi respectuoso para informarse sobre asuntos relacionados coa sexualidade e a afectividade.

Próximamente poderá realizarse tamén a proba rápida do VIH en saliva gratuitamente e continuarase entregando preservativos a todos os rapaces que os soliciten. Paralelamente realízanse cursos formativos e charlas en liña sobre sexualidade.

## Novena edición do Premio Literario Descubrindo Oleiros ▼

◆ Para promover o uso da lingua, fomentar a creatividade e descubrir o municipio como fondo para a literatura e os relatos e outros feitos históricos, o Concello convoca unha nova edición do certame Descubrindo Oleiros. *Poderán concorrer a este premio todos os rapaces e rapazas de 3º a 6º de primaria e de ESO, mozas e mozos de 16 e 17 anos e persoas maiores de 18 anos empadroados/as ou escolarizados/as no Concello de Oleiros.*



Proximamente publicaranse as bases na web municipal. As persoas interesadas en participar tamén poden solicitar máis información dirixíndose por correo electrónico a [lingua@oleiros.org](mailto:lingua@oleiros.org).

# Contacontos e actividades infantís en todas as bibliotecas

## • BIBLIOTECA CENTRAL RIALEDA. PERILLO

- ▶ **2 febreiro:** HISTORIAS NO MAR. **Olga Abad**, para nenos e nenas **maiores de 6 anos**.
- ▶ **9 febreiro:** CANTO CONTO TEN. **Fran Amil**, para nenos e nenas **entre 2 e 5 anos**.
- ▶ **23 febreiro:** ROSALÍA DE CASTRO: A MIÑA HISTORIA. **Trémola Teatro**, para nenos e nenas **maiores de 6 anos**.
- ▶ **2 marzo:** CHIMPO DE RA. **Raquel Queizás**, para nenos e nenas **entre 2 e 5 anos**.
- ▶ **9 marzo:** PRINCESOS E PRINCIPETAS. **Raquel Galavís**, para nenos e nenas **maiores de 6 anos**.
- ▶ **16 marzo:** CONTOS PARA ORELLAS ABERTAS. **Pavís Pavós**, para nenos e nenas **entre 2 e 5 anos**.
- ▶ **23 marzo:** AMORIÑOS CONTEI. **Tarabelos Teatro**, para nenos e nenas **maiores de 6 anos**.
- ▶ **30 marzo:** ROBÓTICA EDUCATIVA. CREATIVIDADE INSPIRADORA OBRADOIRO. **A Nube de Artear** Dúas sesións ás 17:30 e ás 18:45 h., para nenos e nenas **maiores de 6 anos**.



## • BIBLIOTECA ROSALÍA DE CASTRO. SANTA CRUZ

- ▶ **1 febreiro:** BRINCA VAI. **Paco Nogueiras**, para nenos e nenas **maiores de 6 anos**.
- ▶ **8 febreiro:** UN PARA TI, DOUS PARA MIN. **Proyecto Bululú**, para nenos e nenas **entre 2 e 5 anos**.
- ▶ **1 marzo:** CONTOS DA GRANXA. **Lía Magalia**, para nenos e nenas **entre 2 e 5 anos**.
- ▶ **8 marzo:** A VIAXE DE MARUXIÑA. **Olga Abad**, para nenos e nenas **maiores de 6 anos**.
- ▶ **15 marzo:** LEO E AS CORES. **Trémola Teatro**, para nenos e nenas **entre 2 e 5 anos**.
- ▶ **22 marzo:** RATO CANGURO. **Trinke Teatro**, para nenos e nenas **maiores de 6 anos**.
- ▶ **29 marzo:** A MEMORIA DAS ESTRELAS. **Raquel Galavís**, para nenos e nenas **entre 2 e 5 anos**.



## • BIBLIOTECA M<sup>a</sup> JOSÉ TRINCADO. MERA

- ▶ **10 febreiro:** PIPO, O PAXARO QUE NON SABÍA VOAR. **Trémola Teatro**, para nenos e nenas **entre 2 e 5 anos**.
- ▶ **10 marzo:** A RODA DAS TRES DONAS. **Charo Pita**, para nenos e nenas **entre 2 e 5 anos**.
- ▶ **31 marzo:** A MACEIRA QUE DABA CALQUERA COUSA MENOS MAZÁS, para nenos e nenas **maiores de 6 anos**.



◆ As bibliotecas municipais seguen ofrecendo diferentes sesións de contacontos e obradoiros dirixidos a nenos e nenas maiores de 2 anos. **É imprescindible reservar praza previamente para participar. É posible apuntarse en cada biblioteca ou por teléfono no 981 610 000.**

## • BIBLIOTECA ÁNHEL FOLE. NÓS

- ▶ **3 febreiro:** PAXARIÑOS. **Trinke Trinke Teatro**, para nenos e nenas **entre 2 e 5 anos**.
- ▶ **10 marzo:** O NENO QUE NON QUERÍA SER AZUL E A NENA QUE NON QUERÍA SER ROSA. **Proyecto Bululú**, para nenos e nenas **entre 2 e 5 anos**.
- ▶ **24 marzo:** CONTOS CON RIMA LIBRE. **Paula Carballeira**, para nenos e nenas **maiores de 6 anos**.




## • BIBLIOTECA M<sup>a</sup> JOSÉ RUSO. DORNEDA

- ▶ **27 febreiro:** UNHA PRAIA PARTICULAR. **Trinke Trinke Teatro**, para nenos e nenas **entre 2 e 5 anos**.
- ▶ **13 marzo:** ANIMAIS ARTISTA E OUTRAS COUSIÑAS. **Iván Davila**, para nenos e nenas **maiores de 6 anos**.
- ▶ **27 marzo:** CONTO RIMA CON...???. **Ramiro Neira**, para nenos e nenas **entre 2 e 5 anos**.



## • BIBLIOTECA MANUEL MARÍA. OLEIROS

- ▶ **7 febreiro:** CONTANDO NÚMEROS, CANTANDO CORES. **Pablo Díaz**, para nenos e nenas **entre 2 e 5 anos**.
- ▶ **7 marzo:** A BIBLIOTECA QUE VIAXABA POLO TEMPO. **Olga Abad**, para nenos e nenas **entre 2 e 5 anos**.
- ▶ **28 marzo:** CORES E PERSOAS. **Trinke Trinke Teatro**, para nenos e nenas **maiores de 6 anos**.



## • BIBLIOTECA XOGRAR MENDIÑO. LORBÉ

- ▶ **9 febreiro:** O COLE DE LONXEDETODO. **Trinke Trinke Teatro**, para nenos e nenas **entre 2 e 5 anos**.
- ▶ **9 marzo:** BRAVAS. **Ramiro Neira**, para nenos e nenas **entre 2 e 5 anos**.
- ▶ **23 marzo:** A FESTA DO PORVIR. **Fran Amil**, para nenos e nenas **maiores de 6 anos**.



**\*Todas as sesións celébranse ás 18:30 horas**

## Adèle Arias, Ariadna Álvarez, Gabriela Loaiza e Candi Vales, as máis lectoras das bibliotecas municipais

◆ O Concello recoñeceu aos veciños e veciñas máis lectores das bibliotecas cunha entrega de premios. En función das idades creáronse 4 categorías. Entre os menores de 6 anos a máis lectora foi Adèle Arias Christien, seguida de María Cousillas Veiga e Nayra Gutiérrez Domínguez; de 6 a 11 anos Ariadna Álvarez Sosa foi a primeira, Diego Álvarez Sosa o segundo e Antía Maëlis Arias Christien a terceira; entre 12 e 17 anos o primeiro premio foi para Ángeles Gabriela Loaiza Tovar, por diante de Iago Rodríguez Vila e Martina Maseda Villapol; e en adultos a veciña máis lectora foi Candelaria María Vales Varela, segunda foi Isabel Martínez Ozón e terceira Ana Belén Rodríguez Eijo. Estas 12 persoas recibiron un vale para adquirir libros, material informático, audiográfico ou videoográfico de entre 50, 75 e 100 euros, en función da posición en cada categoría.



# Ciclo de cine infantil nas vacacións nadal

■ Dentro da ampla programación de actividades infantís que organiza o Concello para este Nadal, haberá proxeccións de cine gratuítas para todos os nenos e nenas.



## Clifford, el gran perro rojo

● **Martes 27 de decembro,**  
ás 18:30 horas

**Auditorio da Fábrica (Perillo)**

Mentres a súa nai está fóra por negocios, Emily e o seu divertido pero impulsivo tío Casey embárcanse nunha gran aventura.

■ *Acceso gratuito ata completar a capacidade da sala.*



## Valentina

● **Mércores 28 de decembro,**  
ás 18:30 horas

**Auditorio das Torres (Santa Cruz)**

Valentina soña con ser trapecista. Cre que non poderá conseguilo, pero a súa avoa asegúralle que nada é imposible.

■ *Acceso gratuito ata completar a capacidade da sala.*



## Encanto

● **Xoves 29 de decembro,**  
ás 18:30 horas

**Auditorio Gabriel García Márquez (Mera)**

É a historia dunha familia extraordinaria, Los Madrigal, que viven agochados nas montañas de Colombia, nunha casa máxica situada en Encanto.

■ *Acceso gratuito ata completar a capacidade da sala.*

## Concertos de cámara e jazz na Fábrica ▼

◆ A **Orquestra de Cámara Galega**, dirixida por Rogelio Groba Otero e integrada por músicos galegos formados en Galicia e en diversos conservatorios europeos, ofrecerá un concerto o sábado 21 de xaneiro ás 20:30 horas. A entrada é gratuíta.

Será un concerto ameno, cun repertorio equilibrado con obras de autores galegos e de grandes compositores universais, co obxectivo de achegar a música clásica a través dunha selección de obras pensada para o goce das persoas asistentes. A Deputación da Coruña colabora na realización deste espectáculo.



O sábado 28 de xaneiro ás 20:30 horas, o grupo **Antonioagra 5 tet** presentará o seu traballo discográfico Samhain. A entrada tamén é gratuíta.

Serán nove pezas que teñen o sabor da boa música vestidas cos sedutores e íntimos sons do vibráfono, música fronteiriza entre un impresionismo sempre latente e ese regusto do jazz, que é frescura e intensidade constante.

## Ciclo de música Voces cálidas para noites de inverno ▼

◆ Todos os sábados do mes de febreiro o auditorio da Fábrica acollerá a décima edición deste festival que abrangue estilos musicais moi diversos como soul, jazz, canción de autor, swing, pop... Artistas coma Leticia Rey, Nunzia Giannota ou Iria Estévez, entre outras, formarán parte do programa desta edición. As entradas poñeranse á venda tanto presencialmente como en liña, a través da taquilla electrónica do Concello.

## TRIBUNA ABERTA

■ *Este é un espazo de participación cidadá onde se pode opinar sobre o tema que se desexe. Os textos son reproducidos de forma íntegra. Se queres participar nesta sección do próximo Vivir escribenos ao enderezo electrónico [comunicación@oleiros.org](mailto:comunicación@oleiros.org)*

### **Mediocridade política**

O grave problema de mobilidade que temos non só en Oleiros, senón en toda a comarca da Coruña, non é novo. Xa no ano 1998, concellos, Xunta, Estado, universidades, sindicatos... acordaran un plan viario para mellorar a rede de estradas, pero a realidade é que 24 anos despois pouco ou nada se fixo.

Por que? Pois debido principalmente á mediocridade política duns e outros, a localismos estúpidos, a defensa de intereses persoais, a ataques a gobernos doutro signo político... Así actúa o BNG opoñéndose á vía Ártabra, o PSOE e o Goberno de Cambre –que na práctica son o mesmo grupo– que paralizaron a obra con denuncias ante os tribunais, a Marea que tampouco se molla para intentar desgastar ao Goberno da Xunta, ou o Concello da Coruña no que dá igual que mande PSOE ou PP, ignoran todo canto sucede fóra das murallas da cidade, por moito que lles afecta, como é o asunto da mobilidade.

En fin, nada de nada. Si moitos foguetes en épocas pre-electorais, pero despois nada de nada. Uns por outros e a casa sen barrer. E nós a seguir sufrindo atascos e colas nas estradas.

**M.C.C. - Mera**

### **Dixitalización onde estás?**

Onde eu viva é o de menos, porque sei que este problema afecta a moitas familias de Oleiros e de outros municipios. Trátase do dereito de pernada que as compañías de telecomunicacións teñen sobre os consumidores, sobre a cidadanía á que deben prestar un servizo esencial hoxe como é a disposición de datos a través da fibra óptica.

Son compañías ás que se lles permite de todo, como ás enerxéticas (por algo participan activamente no costume das portas xiratorias entre políticos de alto rango). A atención ao cliente é temible, tanto polos tempos de espera ao teléfono como pola atomización dos servizos que prestan, así como a relación que estas empresas teñen coas compañías auxiliares que lles realizan unha serie de traballos sobre o terreo.

Intentar que fornezan de servizo de fibra óptica a determinados lugares é un labor titánico que a moitos nos desespera, pese a que teñen a obriga de levar ese servizo a todo o territorio. Un detalle moi importante especialmente en tempos de teletraballo e en plena reconversión tecnolóxica de moitas empresas que deben adaptarse aos tempos nos que a presencialidade é só unha opción, non unha obriga.

E ogallá fose só a fibra óptica. A simple cobertura telefónica é un paradoxo da era 5G. En plena era dixital aínda son demasiado frecuentes os cortes por falta de sinal, que vai e ven ao longo dun domicilio, dependendo da habitación na que te atopas. Iso si. Os beneficios de fin de ano, brillan nos seus poderosos balances económicos.

**Marcos Sánchez - Dorneda**

### **Susto tremendo**

O venres 25 de novembro, ás 7:45 pm, na Vía Ártabra, no traxecto de Oleiros a Lorbé, á altura do distribuidor de Arillo, xusto debaixo do viaduto da AC-183, sufrín unha das colisións máis impactantes da miña dilatada experiencia ao volante.

A aparición intempestiva dun exemplar adulto de xabaril, pola dereita do vehículo, no que circulaba a unha velocidade próxima ao 80 Km/h,

sen posibilidade de frear, supón un impacto considerable.

Afortunadamente non viñan vehículos en sentido contrario e tiven tempo para controlar o coche e así detelo na beiravía, sen chocar con ningún outro vehículo, mesmo me atrevería a dicir que grazas a que o coche é antigo e non ten airbag, puiden controlalo ata parar.

As consecuencias destas colisións son sempre descoñecidas, pero ata que suceden traxedias non nos damos conta da gravidade de que na vía sobreveña a aparición intempestiva, dun obxecto móbil, cunha masa que pode oscilar entre os 40 e os 90 Kg.

**Igor Pérez - Lorbé**

### **O micro orfo de Xosé García**

Hai algúns días entereime dunha noticia que, por distintas razóns, me deu que pensar. Era sobre a xubilación de Xosé García como director de Radio Oleiros. Deume que pensar por dúas razóns: unha, sentir como pasa o tempo, tan lenta e inexorablemente coma os ríos dos que falaba Heráclito para explicar o fluír da vida. Xosé falounos durante case 40 anos, coa súa voz timbrada e doce, da sucesión de feitos, persoas, datos, eventos, sucesos, festas ou celebracións que fixeron de Oleiros o noso querido refuxio ante o mundo. Polo seu micrófono feiticeiro desfilaron ideas, conflitos, accidentes, aspiracións, entrevistas, crónicas e programas que conforman unha radiografía deste Oleiros democrático e avanzado que chegou ata nós. García representa un mapa diacrónico do que fomos todos estes anos, ingrediente básico do que sere-mos os vindeiros. Longa vida feliz para Xosé García, a voz imprescindible da nosa paisaxe.

**A.P. - Liáns**

**Teléfono do Veciño**

Toda a información de 8 da mañá a 8 da tarde ininterrompidamente

**981 610 000**

**Concello de Oleiros 981 610 000**

Policía Local (24 horas)	981 610 001
Garda Civil de Oleiros	981 610 067
Garda Civil urxencias	062
Xulgado	981 610 824
Servizo de augas	981 610 602
Recadación municipal	981 635 603
Ofic. Consumidor (Omic)	981 610 000 ext.1274
C. Recuper. fauna salvaxe	981 960 405
Urxencias médicas (24 horas)	061
Centro Urxencias Sta. Cruz	981 614 901
Centro Saúde Perillo	981 638 731
Centro Saúde Sta. Cruz	981 626 768
Centro Saúde de Oleiros	981 082 188
Casa do Mar de Mera	981 628 544
Servizo Municipal de Emerxencias	981 636 933
Oficina Turismo	981 904 052

**Centros municipais de actividades**

Centro Cultural A Fábrica	981 636 598
Centro Cívico de Sta. Cruz	981 626 497
Casa do Pobo de Iñás	981 631 240
Casa do Pobo de Nós	981 664 257
Casa do Pobo de Lorbé	981 618 201
Centro Cultural de Montrove	981 639 422
Casa da Cultura de Perillo	981 636 555
Centro de Información Xuvenil	981 636 598
Museo Oleiros J.M.Kaydeda	981 626 692
Castelo de Sta. Cruz	981 630 618
Aula do Mar / Faros de Mera	981 618 154
Escola Municipal de Danza	981 639 688
Escola Municipal de Música	981 639 143
Centro de Lecer Portaberta	981 614 083
Complexo deportivo de Oleiros	981 611 338
Complexo deportivo de Perillo	981 634 030
Complexo deportivo de Dorneda	981 614 430
Piscina Municipal da Fábrica	981 639 506

**Centros educativos**

CMF Isaac Díaz Pardo	981 631 706
El A Pardela / Os Regos	981 631 788
El As Galeras / Bastiagueiro	981 648 446
El A Braña / Mera	981 617 505
EIM A Canteira / Perillo	981 977 921
IES Neira Vilas / Perillo	881 880 858
IES Miraflores / Oleiros	881 880 845
IES Mª Casares / Bastiagueiro	981 626 344
CEIP Luís Seoane / Mera	981 617 130
CEIP Parga Pondal / Sta. Cruz	981 614 976
CEIP Valle Inclán / Perillo	881 960 324
CEIP A Rabadeira / Oleiros	881 960 270
CEIP Juana de Vega / Nós	881 960 947

**Bibliotecas**

Central Rialeda / Perillo	981 639 511
Rosalía de Castro / Sta. Cruz	981 626 338
Mª José Trincado / Mera	981 628 507
Mª José Ruso / Dorneda	981 626 638
Manuel María / Oleiros	981 610 700
Ánxel Fole / Nós	981 664 257
Xograr Mendiño / Dexo-Lorbé	981 618 201
Biblioteca Mediambiental / Pazo de Lóngora	981 630 618



**38.348 habitantes empadroados/as!**

**Padrón do Concello distribuído por parroquias ata o 12 de decembro**

DEXO (Santa María)	1.437
DORNEDA (San Martiño)	3.665
IÑÁS (San Xurxo)	1.325
LIÁNS (Santa Eulalia)	11.190
MAIANCA (San Cosme)	1.644
NÓS (San Pedro)	4.988
OLEIROS (Santa María)	3.299
PERILLO (Santa Leocadia)	9.169
SERANTES (San Xulián)	1.631

**TOTAL 38.348**

**Horarios do TRANSPORTE PÚBLICO**



**En Oleiros TAXI a domicilio no 981 243 333**

**Aeroporto de Alvedro 981 187 200**

**Estación autobuses A Coruña 981 184 335**

**Estación FFCC San Cristovo 902 432 343**

**LORBÉ ■ O BURGO**

**2652**

**> SAÍDAS**

Cal Pita - Eliseo Pita

**REGRESOS <**

**LORBÉ • SANTA CRUZ • OLEIROS • SAN PEDRO • O BURGO**

07:00 h - 21:00 h cada 2 horas luns - venres cada 2 horas 08:00 h - 20:00 h

**FARMACIAS DE GARDA**

**Datas**

■ <b>ARILLO</b> • Avda. República Arxentina, 106	Do 23 ao 29 de decembro
■ <b>OS REGOS</b> • Avda. Isaac Díaz Pardo, 4	Do 30 de decembro ao 5 de xaneiro
■ <b>SANTA CRUZ</b> • Rúa Viñas de Babilonia, 10	Do 6 ao 12 de xaneiro
■ <b>PERILLO</b> • Avda. Ernesto Che Guevara, 16	Do 13 ao 19 de xaneiro
■ <b>LORBÉ</b> • Rúa Golfiño, 117-A	Do 20 ao 26 de xaneiro
■ <b>IÑÁS</b> • Av. das Mariñas, 54, Parque Oleiros	Do 27 de xaneiro ao 2 de febreiro
■ <b>PERILLO</b> • Rúa Areal 17	Do 3 ao 9 de febreiro
■ <b>OLEIROS</b> • Camilo Díaz Baliño, 1	Do 10 ao 16 de febreiro
■ <b>MERA</b> • Praza de Miramar, 4	Do 17 ao 23 de febreiro
■ <b>PERILLO</b> • Avda. Rosalía de Castro, 247	Do 24 de febreiro ao 2 de marzo
■ <b>NÓS</b> • Avda. das Mariñas, 247	Do 3 ao 9 de marzo
■ <b>SANTA CRUZ</b> • Francisco Comesaña 4-6	Do 10 ao 16 de marzo

**Querida lúa**

**O ciclo da lúa**

<b>Chea</b>	7 xaneiro / 5 febreiro / 7 marzo
<b>Mingua</b>	14 xaneiro / 12 febreiro / 14 marzo
<b>Nova</b>	23 decembro / 22 xaneiro / 20 febreiro
<b>Medra</b>	30 decembro / 29 xaneiro / 27 febreiro

## CABALGATA DE REIS ▼

• **O xoves 5 de xaneiro os Reis Magos percorreren todo o municipio en autobús descapotable**

◆ A comitiva real será recibida oficialmente polo alcalde na Casa do Concello, estando previsto que ás 16:30 horas Melchor, Gaspar e Baltasar saúden desde o balcón principal do consistorio a todos os nenos e nenas que se acheguen ata a praza de Galicia. Posteriormente iniciarán o seu itinerario por todas as parroquias do municipio.



**HORARIO** | Xoves 5 de xaneiro de 2023

- |   |  |
|---|--|
| ▼ 16:30 h - Recepción oficial na Casa do Concello e saúdo desde o balcón do consistorio | ▼ 18:30 h - O Couto, Rúa do Golfiño                            |
| ▼ 16:45 h - Avenida Francisca Herrera   | ▼ 18:40 h - Avenida Giménez Herrero, Casa do Pobo de Dexo      |
| ▼ 16:50 h - Avenida Isaac Díaz Pardo, urbanización Os Regos                             | ▼ 18:50 h - Rúa Doutor Fleming                                 |
| ▼ 17:00 h - Avenida Rosalía de Castro, Casa do Pobo de Montrove                         | ▼ 19:00 h - Paseo de Mera                                      |
| ▼ 17:10 h - Rúa das Garridas  | ▼ 19:05 h - Avenida María Pita                                 |
| ▼ 17:20 h - N-VI, Avenida das Mariñas (Agramar-Beiramar)                                | ▼ 19:10 h - Avenida República Arxentina, Breixo                |
| ▼ 17:25 h - Urbanización O Seixo  | ▼ 19:15 h - Urbanización Rialta, parque Nicolás Redondo        |
| ▼ 17:40 h - Urbanización Mesón da Auga, rúa Anido                                       | ▼ 19:25 h - Rúa Viñas de Babilonia                             |
| ▼ 17:55 h - Avenida Salvador Allende, Casa do Pobo de Nós                               | ▼ 19:35 h - Avenida Concepción Arenal                          |
| ▼ 18:05 h - Avenida Espoz y Mina  | ▼ 19:40 h - Avenida Che Guevara                                |
| ▼ 18:10 h - Rúa da Vila, Casa do Pobo de Iñás   | ▼ 19:50 h - Rúa Darwin   |
| ▼ 18:15 h - Rúa Fonte do Ouro, urbanización Arenaza                                     | ▼ 20:00 h - Avenida Santa Cristina                             |
|   | ▼ 20:10 h - Corredoira das Viñas                               |
|   | ▼ 20:20 h - Avenida da II República                            |
|   | ▼ 20:25 h - Chegada á polideportiva da avenida da II República |



◀ *Estes horarios son aproximados, poderían variar en función do tráfico*

## PISTA DE XEO E CARRUSEIS INFANTÍS ▼



Todos os nenos e nenas terán á súa disposición ata o 8 de xaneiro unha pista de xeo de grandes dimensións na polideportiva da avenida da II República de Perillo. En Santa Cruz, na praza Esther Pita, haberá atraccións infantís.

O acceso á pista de xeo custa 5 euros e inclúe todo o material necesario, agás guantes. O horario de apertura é de 11:00 a 23:00 horas. O prezo de cada viaxe nas atraccións é de 1 euro e abrirán de 11:00 a 14:00 e de 16:30 a 22:45 horas.

Antes da finalización das clases, o Concello levou gratuitamente a 749 nenos e nenas dos colexios públicos a patinar na pista de xeo.